

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME ECONÓMICO DAS ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS.

O sr. alcalde da conta da proposta sobre réxime económico das asistencias e indemnizacións, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Segundo establece o apartado 3 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno.

Así mesmo, o apartado 4 do artigo mencionado sinala que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno corporativo.

Considerando que, segundo o disposto no artigo 75.5 da LBRL, as Corporacións locais consignarán nos seus Orzamentos as indemnizacións e asistencias ás que se fixo referencia nos parágrafos anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso.

Ao abeiro da normativa citada, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar como asistencias ás concelleiras e os concelleiros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, pola concorrencia efectiva ás sesións e reunións dos órganos colexiados dos que formen parte, os seguintes importes:

Sesións plenarias: 129 euros

Sesións da Xunta de Goberno Local: 80 euros

Sesións das Comisións Informativas: 64 euros, co límite de dúas asistencias ao día por concelleiro/a

Sesións da Xunta de Portavoces: 59 euros

Reunións de outros órganos colexiados: 59 euros

SEGUNDO.- Establecer o seguinte réxime respecto das indemnizacións por aloxamento, manutención, e gastos de viaxe:

1. - Indemnizacións por aloxamento e manutención.

Os membros da Corporación percibirán, se é o caso, as axudas correspondentes ao Grupo 1º do Anexo II, do R.D. 462/2002 do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo. De conformidade co artigo 10 do Real Decreto anterior no caso das dietas a percibir por aloxamento, de non se aplicar o sistema de concerto, o importe a percibir será o realmente gastado e xustificado, sen que a súa contía poida exceder da especificada no Real Decreto citado.

2.- Indemnizacións por gastos de viaxe.

Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que teñan que realizar como consecuencia do exercicio do cargo, sendo aplicable neste caso o previsto no artigo 17 do Real Decreto 462/2002. Respecto ao uso do vehículo particular terase en conta o previsto no artigo 18 do Real Decreto 462/2002 e o acordado en Orde do ministerio de Economía e Facenda 3770/2005 da 1 de decembro pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/02.

TERCEIRO.- Publicar integramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios, e na páxina web municipal.”

(...)

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE), sete en contra (7 PP) e dúas abstencións (2 BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Fixar como asistencias ás concelleiras e os concelleiros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, pola concorrencia efectiva ás sesións e reunións dos órganos colexiados dos que formen parte, os seguintes importes:

Sesións plenarias: 129 euros

Sesións da Xunta de Goberno Local: 80 euros

Sesións das Comisións Informativas: 64 euros, co límite de dúas asistencias ao día por concelleiro/a

Sesións da Xunta de Portavoces: 59 euros

Reunións de outros órganos colexiados: 59 euros

SEGUNDO.- Establecer o seguinte réxime respecto das indemnizacións por aloxamento, manutención, e gastos de viaxe:

1. - Indemnizacións por aloxamento e manutención.

Os membros da Corporación percibirán, se é o caso, as axudas correspondentes ao Grupo 1º do Anexo II, do R.D. 462/2002 do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo. De conformidade co artigo 10 do Real Decreto anterior no caso das dietas a percibir por aloxamento, de non se aplicar o sistema de concerto, o importe a percibir será o realmente gastado e xustificado, sen que a súa contía poida exceder da especificada no Real Decreto citado.

2.- Indemnizacións por gastos de viaxe.

Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que teñan que realizar como consecuencia do exercicio do cargo, sendo aplicable neste caso o previsto no artigo 17 do Real Decreto 462/2002. Respecto ao uso do vehículo particular terase en conta o previsto no artigo 18 do Real Decreto 462/2002 e o acordado en Orde do ministerio de

Economía e Facenda 3770/2005 da 1 de decembro pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/02.

TERCEIRO.- Publicar integramente o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios, e na páxina web municipal.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace do sr. alcalde, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Vº e prace

O alcalde,

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz